



Convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 24 de setembro de 2020, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), do proxecto “*Radio na biblio*”, para a introdución da radio nas bibliotecas escolares dos centros que matriculan alumnado de educación infantil, primaria e secundaria integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2020/2021.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa) establece, no seu artigo 1, como un dos principios básicos que inspira o sistema educativo, o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

O artigo 113 da devandita Lei fai unha mención específica ás bibliotecas escolares sinalando que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, engadindo que estes recursos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura.

As bibliotecas son, pois, instrumentos dos centros educativos ao servizo das competencias clave e como tales poden albergar propostas moi diversas que favorezan o desenvolvemento de contidos curriculares de forma transversal ou interdisciplinaria, que conecten distintas áreas de aprendizaxe, que impulsen prácticas metodolóxicas activas e faciliten, así, a adquisición destas competencias clave, incluída a competencia dixital no seu máis amplio significado.

Especificamente, as bibliotecas escolares teñen entre os seus obxectivos o de favorecer a alfabetización múltiple, un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura, tal e como se entendía ata o momento, e que aparece recollido no documento de referencia do Consello da UE (2012): *Conclusións do Consello, de 26 de novembro de 2012, sobre alfabetizacíons múltiples. Diario Oficial da Unión Europea*.¹ Defínese a alfabetización múltiple como a “*comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica*”, abundando en que esta “*competencia é esencial para a vida*” e que “*é a porta cara ao resto das aprendizaxes*”.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade (anteriormente Educación, Universidade e Formación Profesional), recolle no seu Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares unha ducia de desafíos ou ámbitos de actuación preferentes. O desafío número catro está referido ás “*Alfabetización múltiples*”, con medidas destinadas á mellora das capacidades lectoras do alumnado, en sentido amplio e, pola súa parte, o desafío número cinco atinxo ás “*competencias ALFIN/AMP*”, contemplando o deseño e desenvolvemento de programas para a mellora da competencia informacional e mediática do alumnado galego e detalla, como medida concreta, a posta en marcha dun programa de radio escolar con vinculación á biblioteca. O Plan LÍA contempla tamén, no desafío 2, “*A biblioteca como centro creativo de aprendizaxes*”, diferentes medidas para promover a evolución de todas as bibliotecas escolares cara a “*laboratorios creativos de aprendizaxe*”, unha evolución natural do modelo de biblioteca, na medida en que esta se configura como un espazo físico e simbólico de oportunidades para desenvolver proxectos colaborativos conectados ao tratamento do currículo; tamén para dar resposta a unha gran variedade de intereses culturais e formativos dos distintos sectores da comunidade educativa.

¹ <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2012:393:0001:0004:ES:PDF>



A posta en marcha dunha emisora de radio nun centro educativo proporciona múltiples oportunidades para o desenvolvemento de competencias clave a través de tarefas complexas que involucran diversas habilidades e destrezas, permitindo o tratamiento de contidos curriculares mediante metodoloxías activas, como veñen demostrando diversas experiencias diseminadas polo territorio galego. A radio ten demostrado a súa potencialidade no ámbito educativo con anterioridade, pero as actuais tecnoloxías da información e da comunicación facilitan a súa utilización como ferramenta pedagóxica de gran alcance. Sumadas as posibilidades da radio á biblioteca escolar configurada como “centro creativo das aprendizaxes” (tal e como se contempla nas Instrucións de ... de setembro de 2020 desta Dirección Xeral en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares), poden xerar unha importante dinámica de comunicación, de apoio aos proxectos do centro, de difusión dos produtos culturais e das investigacións elaboradas polo alumnado. Cando a biblioteca incorpora un “laboratorio de radio” pode, así mesmo, impulsar novos proxectos de carácter interdisciplinario, vinculados á educación para as competencias en información e medios.

Tras tres convocatorias do programa “Radio na biblio” e a súa implantación en 80 centros educativos, obsérvanse excelentes resultados pola motivación que supón este medio para o alumnado e as oportunidades que abre para as bibliotecas á hora de ampliar e diversificar o tipo de proxectos colaborativos ou de actividades de carácter interdisciplinario que poden deseñar, cun enfoque comunicativo e de reforzo das competencias clave como horizonte.

A experiencia dun bo número de bibliotecas escolares vinculadas a este programa durante o período de cese de actividade presencial nos centros durante a primavera de 2020, por mor da COVID 19, puxo de manifesto as posibilidades desta ferramenta para desenvolver actividades educativas a distancia, con capacidade para vincular ao alumnado ao ámbito educativo e para conectar á comunidade escolar arredor dunha proposta temática.

Á vista de todo o anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que coordina as intervencións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura, decide darlle continuidade ao proxecto “Radio na biblio” para o curso 2020/2021, co fin de estender os beneficios desta medida a outras comunidades educativas e, en consecuencia, dispón:

Apartado 1. Obxecto, destinatarios e financiamento.

1. Estimular o desenvolvemento do modelo de biblioteca cara a “centros creativos de aprendizaxes” e promover a creación de emisoras/laboratorios de radio no contexto destas bibliotecas escolares co fin de favorecer proxectos de educación das competencias informacionais e mediáticas do alumnado.
2. Búscase, así mesmo, ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado. O laboratorio de radio na biblioteca escolar poderá estar asociado a un programa de voluntariado na biblioteca, no caso de que o equipo docente así o decida.
3. Poderán participar neste proxecto bibliotecas de centros públicos non universitarios de titulidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2020/2021, que matriculen alumnado de ensino infantil, primaria, ESO, bacharelato ou formación profesional. Non poderán participar os centros que se incorporan ao PLAMBE en 2020, pois no primeiro curso dentro do programa cómpre centrar a actividade na consolidación do modelo de biblioteca segundo os obxectivos presentados no seu proxecto, naqueles aspectos que son esenciais (xestión técnica, coidado da colección,



melloras en mobiliario e equipamentos, deseño de actividades e programas de lectura e de educación en información, entre outras).

4. Seleccionaranse **30 bibliotecas escolares** para a súa participación no Proxecto “Radio na biblio” durante o curso 2020/2021. Recibirán contías destinadas á posta en marcha do proxecto e das actuacións que supoña (nas que se inclúe a realización dun obradoiro de formación para o alumnado que se considere), por un máximo de 2.000 euros cada centro (tendo en conta que se poderá reservar para a formación un máximo do 40% do total da asignación).
5. Os 80 centros integrados xa no programa, deberán solicitar a súa continuidade, se así o deciden, e recibirán (cando a memoria de actividades do curso anterior acade unha valoración positiva) unha asignación de 500 euros por centro, para a realización de obradoiros de formación específica, en materia técnica para o funcionamento da emisora de radio, a elaboración de producións radiofónicas ou o desenvolvemento de competencias mediáticas a través da radio; tamén poderán versar sobre lectura expresiva ou mellora da expresión oral. Estes obradoiros, destinados ao alumnado que o centro decida, serán presenciais, garantindo as medidas hixiénicas previstas para este tipo de actividades no escenario actual. De ser o caso, e en función das circunstancias sanitarias específicas, poderían ter un formato telemático.
6. A través da aplicación orzamentaria 10.30.423A.640.5, do orzamento da actual Consellería de Cultura, Educación e Universidade, destinada a programas de atención á biblioteca escolar para o ano 2020, asignaranse as contías correspondentes por un máximo global de 100.000 €.

Apartado 2. Solicitudes

Os centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares interesados en participar nesta iniciativa deberán presentar a súa solicitude coa información recollida no anexo I desta convocatoria, mediante un formulario aloxado na páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia, a través da persoa responsable da dirección do centro, no enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=radionabiblio2021/solicitud>

O prazo para a presentación de solicitudes (para nova incorporación ou para continuidade), remata o **9 de outubro de 2020**.

Apartado 3. Requisitos

- a) Os centros interesados deberán estar integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares no curso 2020/2021, coa excepción recollida no apartado 1, punto 3 desta convocatoria.
- b) A persoa responsable da biblioteca en cada centro deberá coordinar e garantir a integración desta iniciativa na programación anual da biblioteca escolar, coa colaboración imprescindible do equipo de biblioteca ou doutro profesorado do cadre docente.
- c) As bibliotecas participantes deberán entregar ao finalizar o curso, unha breve memoria das actividades desenvolvidas (máximo de 2 páxinas e até 5 imaxes anexas). Así mesmo, achegarán unha producción sonora elaborada polo alumnado no contexto do proxecto “Radio na biblio”, acompañada dunha descripción do proceso debidamente documentado (contexto, contido, tarefas, guión, participantes...), para a súa difusión nun espazo web específico que se creará a tal efecto.
- d) Os centros comprométense, no caso de resultaren seleccionados, a contribuír coas súas valoracións á elaboración dun informe, por parte da Asesoría de bibliotecas escolares, sobre as posibilidades que ofrece un laboratorio de radio vinculado á biblioteca escolar.
- e) A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá solicitar dos centros a documentación complementaria que estime oportuna antes de resolver a convocatoria.



Apartado 4. Comisión de valoración e resolución.

Baixo a presidencia do director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- A Subdirectora Xeral de Centros.
- O xefe do Servizo de Xestión de Programas Educativos.
- As persoas asesoras responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.
- Un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Centros, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

Recibidas as solicitudes, esta comisión elaborará unha proposta coa selección de **30 centros** para a participación neste programa, así como a proposta de continuidade dos centros que o soliciten. Os criterios de selección serán os que seguen:

- Valoración acadada pola memoria da biblioteca do pasado curso 2019/2020; terán prioridade aqueles centros que presentan unha actividade media-alta.
- Localización: tendo en conta o anterior, procurarase unha distribución equilibrada polo territorio galego; ademais, un mínimo dun terzo das prazas dispoñibles destinaranse a centros situados en concellos de ámbito rural.
- No caso dos centros de continuidade, valorarase a memoria de actividades do proxecto “Radio na biblio” no curso 2019/2020, que deberá resultar positiva, así como a memoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares, tamén do curso 2019/2020.

Á vista desta proposta da comisión, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resolverá a convocatoria. Esta resolución será publicada no Portal Educativo e comunicada por correo electrónico a todos os centros solicitantes.

Apartado 5. Desenvolvemento do proxecto.

As bibliotecas seleccionadas programarán, segundo o seu contexto, a posta en marcha do laboratorio de radio, no seu caso, así como a formación que se inclúe no proxecto para o alumnado que o equipo de biblioteca propoña e, tamén, a integración desta iniciativa na programación xeral da biblioteca. Os centros contarán co apoio da Asesoría de bibliotecas escolares, que orientará o seu desenvolvemento e poñerá á súa disposición recursos de apoio, así como propostas de posibles relatorios, entre as que os centros deberán elixir á vista da documentación remitida, co fin de garantir que a formación sirva ás finalidades do programa.

O prazo para a presentación da memoria e dos materiais aos que fai referencia o apartado 3 punto c) desta convocatoria, rematará o **10 de xullo de 2021**. Xunto coa memoria entregarase unha xustificación económica segundo o modelo que se facilitará previamente. Toda esta documentación deberá remitirse en formato PDF a través do seguinte enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=radionabiblio2021/memoria>

Coa mesma data cubrirase o formulario web para recoller datos de valoración do proxecto que lles será remitido, coas instrucións pertinentes (se fose o caso), desde esta Dirección Xeral (Asesoría de bibliotecas escolares).

Apartado 6. Difusión das experiencias

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons Atribución-



CompartirIgual

4.0

Internacional

(<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>).

As bibliotecas integradas en “Radio na biblio” deberán sinalizar os espazos destinados ao laboratorio de radio co logo do programa, que lles será remitido desde esta Dirección Xeral; así mesmo, na difusión das actividades desenvolvidas deberán indicar a participación neste proxecto da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Disposición adicional única. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario Anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos dos centros docentes interesados serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2020
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Jesús Manuel Álvarez Bértolo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Edificios Administrativos, San Caetano
15781 Santiago de Compostela
981 54 6558
www.edu.xunta.gal

ANEXO I

Proxecto “*Radio na biblio*”- Curso 2020/2021

SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

Nome do Centro		Código	
Enderezo			
Concello	C.P.	Tfno.	e-mail
Responsable da Biblioteca Escolar: <input type="radio"/> Nome: <input type="radio"/> e-mail: <input type="radio"/> DNI: <input type="radio"/> INCORPORACIÓN <input type="radio"/> CONTINUIDADE			
<i>A presentación desta solicitude implica o compromiso cos requisitos contemplados na convocatoria</i>			
Don/Dona como director/a do centro, solicita a participación no proxecto “ <i>Radio na biblio</i> ” para a introdución da radio na biblioteca escolar, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2020/2021, co fin de ampliar as linguaxes presentes na biblioteca, no contexto das alfabetizacións múltiples e, tamén, de favorecer proxectos de educación das competencias informacionais e mediáticas do alumnado. Así mesmo, garante que as contías que se lle asignen, no seu caso, como resultado da participación neste proxecto, dedicaranse ás finalidades contempladas no mesmo, segundo as propostas do equipo de biblioteca, acordes coas orientacións da consellería. En a de de 2020			
Asdo.:			

Data límite de solicitude, 9 de outubro de 2020

(A solicitude será presentada pola dirección do centro a través do formulario dispoñible no enderezo:

<https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=radionabiblio2021/solicitud>

**SR. DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
SAN CAETANO – 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA**